



# A CASA DO TERROR

XOÁN CURIEL e A BANDA DO VERÁN





### **Compoñentes d'A Banda do Verán nesta aventura**

Xoán, guitarrista e vocalista desta banda de artistas.

Jara, a cantante, que engaiola ao instante.

A bailarina Marta que de dar viravoltas nunca se farta.

Alex Cenmedos, un teclista ao que lle encanta xogar cos seus dedos.

Antón, o que toca o baixo, aínda que case é o máis alto.

E na percusión, Carliños, que repenica dende que era ben noviño.

*\*Recomendación: cando aparezan os títulos das cancións e atopas este símbolo 🎵, detente a escoitar a canción antes de continuar lendo.*

# O TORMENTÓN

*Imos a unha función actúar,  
Son+d2, A banda do verán.  
Chegabamos tarde e non nos gusta tardar  
e comezou a chover e a tronar...*

Xoán tentaba arrancar a furgoneta, pois acabábase de avariar.

–E agora que facemos?

Todos quedaron en silencio ante a pregunta de Xoán. Non sabían onde estaban, pois saíran da estrada principal para atallar e agora non podían moverse de alí!

–Trona moito... Ai, miña naiciña!!! –exclamou Álex, a quen os compañeiros chamaban Cenmedos, porque era un pouco galiña.

–Chove!

–Vai frío!

–Estánseme mollando os pés e son de coller catarros!

–Teño fame!

–Non imos chegar á actuación a tempo e os móbiles non teñen cobertura para pedir axuda!

–Mirade!!

Todos os ollos apuntaron na mesma dirección. Alí, no medio da escuridade, alumeada polos lóstregos, apareceu unha enorme casa antiga con aspecto fantasmagórico.

De súpeto, o vento virou, revirou e recontravirou como se estivese enfadado con eles. Parecía un furacán que os quería levar voando.

–A casa podería ser un bo refuxio. Imos correr ata alí! –suxeriu Marta.

Ela non o pensou e abriu a porta da furgoneta para saír correndo sen mirar atrás. Os demais compañeiros do grupo quedaron abraiados. Que podían facer? Non ían ser menos ca ela! Sen pensalo moito mais seguírona entre o vento e a chuvia no camiño que ía cara á casa. Estaba escuro, pero un raio puxo luz sobre un cartel.

MALVIDOS Á CASA DO TERROR

–Ai, miña naiciña!!

# 1. UNHA ENTRADA MOI BESTIAL

Mollados e atrecidos co frío comezaron a subir as escaleiras ata chegar á porta de entrada.

–Isto dame moi mala espiña –dixo Álex.

–Déixate de espiñas e imos chamar –sentenciou Jara.

Non había timbre, así que Jara petou varias veces na porta, pero alí non abría ninguén.

–Mirade! Hai unha chave na pechadura, probade a ver se abre! –alertou Xoán.

Ao xiraren a chave a porta abriu soa, renxía coma nas películas de misterio que tanto lles gustaban. De repente escoitaron unha voz profunda que dicía:

–Quen hai? Quen está aí? Quen me molesta a min? A min ninguén me molestall!

–Ai, miña naiciña! –dixo Alex mentres tremía co medo.

–Fuxamos! –gritou Antón.

De repente, Jara encheuse de valor e díxolle:

–Mire, non queremos molestar. Somos *A banda do verán*. Iamos a unha actuación e tivemos un contratempo coa furgoneta...

–Actuacion?... Cantantes?... Artistas??... Aiaiaiaiauuuuuuuu! –ouveu aquela voz dende dentro da casa-. De verdade sodes artistas?

–Sssi–i–i... –contestou timidamente Carlos.

–Que nervios! E eu con estes pelos... e con estas orellas... e con estes dentes!!

A verdade é que aquilo dos dentes non os tranquilizou moito, pero fóra ruxía o trebón, así que decidiron entrar e, por fin, viron ao seu anfitrión. Era un lobo de orellas afiadas e peludas subido a un pequeno escenario onde brillaban algunhas luces. O lobo convidounos a sentar como público e todos obedeceron inmediatamente. A ver quen lle levaba a contraria!

–Auuuuuu! Non o podo crer! –dixo o lobo emocionado-. Acabo de compoñer a miña primeira canción e gustaríame que a escoitarades. Algún de vós pódeme acompañar cun instrumento?

Abraiados quedaron, pero eran artistas e sabían o importante que é amosar a primeira canción, así que algúns subiron ao escenario e outros quedaron sentados a escoitar.

🎵 O LOBO *LOVER*

## 2. CONMOCIÓN NO SALÓN

Cando rematou o lobo estaba suando a mares, pois fixera un gran esforzo ao cantar e, á vez, facer unha coreografía. Achegouse a eles con cara moi seria e preguntoulles:

–A ver, vós que sodes artistas profesionais, que vos pareceu? Gustouvos?

–A min encantoume, que forza! –dixo Jara entusiasmada.

–Tes moito talento, escribíchela ti? –preguntou Xoán.

–A min gustoume o ritmo! –apuntou Carlos.

–Pois a min non moito. Aínda que tampouco é o estilo de música que máis me gusta.

Todos quedaron mirando para Antón, como se lle ocorría dicir semellante cousa!

–Antón, por favor, dille algo bo da súa canción, que aínda nos vai papar! –bisbou Álex.

O lobo abriu moito os ollos e a boca, pero cando parecía que ía saltar sobre Antón, comezou a chorar e a ouvear.

–Xa o sabía! Auuuuuuu! Non sirvo para isto!! Auuuuu!! Que vergoña!!!

Unha soa crítica negativa da súa canción puidera máis ca moitas positivas. O lobo sentiuse tan avergoñado que escapou. E alí quedaron sos, no vestíbulo daquela casa, sen saber que facer.

Como seguían con frío, decidiron entrar nun enorme salón cheo de libros vellos, onde

tamén había cadros, candelabros e mesmo un gran piano. Xoán sentou e tocou unhas cantas notas.

–Pois non soa mal!

Xusto nese momento escoitaron un rumor. O son converteuse en pisadas afastadas e logo nun barullo, como se viñesen animais correndo.

–Rápido! Ocultémonos detrás das cortinas!

Todos se apresuraron a esconderse e ben que fixeron, porque de súpeto apareceron unha morea de seres do máis extravagante. Algúns rían sen parar, outros berraban. Había bichos histéricos, monstros aerofáxicos, plantas fantasmais con bocas de caimán, mascotas infernais mestura entre rata e tiburón e na retagarda esqueletos que cos seus ósos tocaban percusión.

Detrás das cortinas tremían sen parar, mais agora non era só polo frío que tiveran que papar.

Sen máis o ruído parou e o salón quedou en silencio. Pensaron que os descubriran, pero cando xa esperaban que abrisen as cortinas, os monstros comezaron a tocar e a cantar esta canción.

♪ A CASA DO TERROR

### 3. REUNIÓN DE EMERXENCIA

Ao rematar, os monstros e seres estraños marcharon do salón sen parar de rir. Vaia festa montaran nun momento!

Ao ver que estaban sos, os nosos amigos, saíron detrás das cortinas, excepto Álex.

Achegáronse a mirar de preto e o que viron deixounos coa boca aberta...

Álex quedara conxelado! Non o podían crer, estaba conxelado coma un xeado de limon. Sen pensalo fixeron unha reunión de emerxencia, algo excepcional na banda que só tiña lugar en momentos moi delicados e difíciles, e este parecía ser un deles.

–Quedou conxelado! Hai que metelo nunha pota e cocelo a lume lento!

–suxeriu Carlos.

–Ou mellor poñelo nunha grella cun pouco de aceite! –apuntou Antón.

–Non, non, o ideal sería menealo e poñelo a bailar –dixo Marta.

–Eu penso que quedou frío porque está cheo de medo. E se lle cantamos unha canción que o axude a sentir coraxe? –preguntou Jara.

A todos lles pareceu moi boa idea. Debería ser unha canción que falase de ter valor.

–E se ten **V**alor entrará en **C**alor, pois só cambia unha letra!!!

Aínda tardaron unha media hora en compoñer a canción e cando remataron cantaruxárona xuntos sen facer moito ruído, non fose que volvesen aqueles seres monstruosos.

Álex non parecía desconxelar despois de escoitalos, pero de alí a un pouco, comezou a notarse nel unha mellora. Ao principio seguía con tanto medo enriba que lle pingaban pola fronte gotas de suor, unha suor moi fría, coma de terror. Pero aos poucos, aquela suor era morna, coma de rir e xogar, e de súpeto quente como de correr ou bailar!

Álex abriu por fin os ollos e mirounos con profundo agarimo, como miran os amigos, como se estivese esculcando no fondo do mar.

–Como mola a canción! É nova? Como se chama? Cantádea outra vez!!

E como non lla ían cantar!!!

♪ QUE MEDO, QUE SUSTO!

## 4. UNHA ESCALEIRA MOI CIRQUEIRA

Estaban decididos a deixar aquela casa que tantos sustos lles dera, pero ao chegaren á entrada viron que a porta desaparecera!

–Todo isto é raro abondo. Temos chave, pero non temos porta –lamentouse Xoán.

–Non podemos saír, así que o mellor será secar a roupa e procurar un lugar onde durmir –advertiu Jara.

Decidiron ir polas escaleiras e explorar a parte de arriba, pero cando estaban a subir Antón berrou, acabáballe de picar algo. De repente na súa perna apareceu unha mancha dunha cor moi rara, unha picadela coma un arco da vella: verde, azul, violeta, amarela, vermella...

Marta, do seu *kit* de exploradora, sacou a súa superlupa para mirar a perna de Antón e así foi como puido ver que alí, deitadiña e durmidiña, había unha pulga un pouco rara. Marta colleuna con moito coidado coas súas pinzas e meteuna nun frasco.

–Rapaces! Isto é grave. Esta non é unha pulga calquera, é unha pulga *sombi* de Porto do Son! E non é por alarmar, pero creo que che acaba de picar. –sentenciou Marta como boa experta.

–Noooooon! –lamentouse Antón.

–Temos que buscar a xefa das pulgas *sombis* e convencela para que te *desombise* ben *desombisado* –seguiu Marta.

–Escoitade! Hai ruído arriba, sigamos subindo! –alertou Xoan.

Certamente, ao chegaren ao primeiro andar atoparon un home vestido cun traxe de domador de circo que axiña lles dixo:

–Benvidos e benvidas ao circo das pulgas *sombis*! Pasen e vexan!

Despois de pagarlle a entrada, achegaron as cabezas a unha carpa pequeniña e viron o espectáculo que alí se ofrecía. Facían uns números moi xeitosos, pero cando chegou o momento final, en que as dúas artistas principais, Pincha e Roncha, aparecían para cantar unha canción, de súpeto fixeron un aceno, pararon o espectáculo e sinalaron a Marta.

–Rapaza, que levas nese frasco? – preguntoulle Pincha.

–Eeeeeeeee.... eu nada!

–Nada? Ese que levas aí é o gran Ataulfo Rodolfo, o pianista acompañante do noso número final. Sacádeo do frasco se non queredes que vos piquemos a todos! –advertiulles Roncha.

–Xa nos picou e por iso está pechado! –dixo Xoán.

–Mira, imos ofrecervos un trato, se *desombisades* ao *sombisado*, sacaremos do frasco a Ataulfo Rodolfo e ademais Xoán e eu cantaremos a canción con vós –propuxo Jara.

–Mmm... estades ben apetitosos, pero... –aínda non rematara Pincha de falar cando Roncha aceptou a proposta.

–Trato feito! Cantemos!

♪ AS PULGAS SOMBIS



## 5. NO CUARTO DA LA-BABA-DORA

As pulgas *desombisaron* a Antón e todos fixeron amizade. Xa que logo, indicáronlles onde estaba o cuarto da lavadora e tamén onde estaba a cociña, por se querían comer algo.

–E se nos aparece algún dos bichos que estaban antes no salón, que facemos? – preguntou Álex.

–Pois cantade con eles a canción “A casa do terror”, que lles mola mogollón!– reponderon as pulgas.

Máis animados e sen tanto medo foron ata o cuarto da lavadora. Estaban bastante porcos, pegañentos, roñosos e cotrosos. Sacaron a roupa mollada e chea de barro, ducháronse e quedaron ben a gusto.

–Que alivio!

–Que maravilla!

–Que sensación de frescor!

–Que ben se está cando se está ben!

Estaben felices só precisaban algo de comer para sentirse de todo ben.

–Veña! Ide para a cociña que xa meto eu a roupa na lavadora –dixo Jara.

Así o fixeron, entraban na cociña cando escoitaron a súa compañeira berrar e

volveron á carreira. Jara estaba subida na lámpada.

–Pero que che pasou? –preguntou Xoán.

–Acabo de ver uns ollos dentro da lavadora!

Correron a comprobar o que dicía Jara, pero estaba moi escuro.

–Unha man!

–Un pé!!

–Unha cara peluda!!!

Dentro había un monstro que daba voltas na montaña rusa da lavadora. Estábao a pasar xenial. Ría sen parar e pola boca saíanlle grandes cantidades de algo que parecía deterxente, pero non era tal. Era...baba monstruosa!!! E acompañado polo run–run da lavadora, o monstro marcábase un rock’n roll

♪ O MONSTRO DA LAVADORA

## 6. UN TREMER CON MOITO SWING

Saíron daquel cuarto sen facer ruído. Daban por perdida a súa roupa e coas batas que puxeran dirixíronse á cociña, pero de camiño atoparon unha sala. No centro había unha cheminea acendida que desprendía unha caloriña tan xeitosa que quedaron alí esfarrapados mirando o lume. Calados coma petos, cadaquén pensaba de cadansúa maneira en todo o que acontecera. De súpeto escoitouse:

Cla, cla, cla, cla, cla...

Carlos, que tiña posto o seu antiface para durmir e que estaba deitado nun sofá, díxo:

–A quen lle repenicán os dentes?

–Cle, cle, cle, cle, cle...

–Parece percusión...

–Cli, cli, cli, cli, cli, cli...

–Pero que vos pasa? Entrouvos o frío agora?

–Clo, clo, clo, clo, clo...

–Clu, clu, clu, clu, clu...

–Pero queredes parar? Así non se pode durmir! –protestou novamente Carlos que co antiface non se decatara de nada.

Como ninguén lle contestaba, descubriu os ollos. Arredor do seu sofá estaban cinco esqueletos que repenicaban os dentes e tremelicaban os ósos mentres bailaban claqué... e soaba xenial!

Carlos sorriu de orella a orella. Era o percusionista da banda e para el a música estaba por riba do medo. Así que colleu unha tibia e un peroné e comezou a bater nas costelas dun esqueleto como se fose un xilófono. O resto de esqueletos, emocionados, seguiron o ritmo e improvisaron con Carlos un bo anaco. Aplaudiron a rabear.

Os esqueletos facíanse chamar “Os Tremelic-ósos”. Como non estaban recubertos de carne, músculo, nin pel, sempre tiñan moito frío. De aí que estivesen sempre preto da cheminea. A banda de esqueletos escoitaran que chegara un grupo de músicos e querían coñecelos e cantarlles a súa composición mais exitosa e así o fixeron.

### 🎵 ROCK INVERN-OSO



## 7. NA COCIÑA, UNHA BROMA NOXENTIÑA

Mentres falaban cos esqueletos da posibilidade de facer un concerto xuntos, do interior de Jara saíu un ruído:

–GRRRRHRRRHRRRH!!!

–Ai miña naiciña! Tes un monstro dentro!!! –exclamou Alex.

–Non, son as miñas tripas, teño fame!

En realidade todos estaban esfameados despois de tanta aventura. Despedíronse dos esqueletos e marcharon cara á cociña. Ao entrar viron unha muller maior que ía vestida de negro e tiña un sombreiro de pico. Ao seu carón había un caimán que os miraba.

–Ah! Chegades xusto a tempo! Chámome Meigana e son unha meiga vegana. Tendes fame?, porque estabamos a puntiño de preparar a nosa “receita especial”.

–Seguro que vos vai sentar fatal! –falou o caiman

–Aaah!! Un caimán que fala!! –dixo Xoan sorprendido.

–Coidadiño que non é un caimán calquera, eh? Chamase Delicio e é un gran cociñeiro! Pero non vos quededes aí pasmados, sentade!

A muller e o caimán comezaron a cociñar mentres arrolaban o guiso cunha canción

🎵 A RECEITA

Puag! O guiso tiña unha pinta terrible e noxenta, parecía vómito de sapo! Todos pensaban: E agora imos ter que comer iso? Meigana e Delicio ao ver as súas caras de noxo comezaron a rir sen parar. Rían tirados polo chan, rían agarrando as barrigas, rían a gargalladas, a chimpos, a rolos cunha risa tan contaxiosa, que ao final todos se esmendrellaban sen saber ben porque.

Despois de quince minutos de risas, Meigana puido parar e secando as bágoas dixo:

–Veredes, esta receita que estaba a facer non é para que a comades vós, senón para facer un esterco orgánico experimental en que estou a traballar!!

Meigana e Delicio comezaron a rir de novo ao ver as súas caras de alivio.

–Xa nos avisaran que tiñamos visita e estavos a agardar unha rica comida na vosa habitación. Vaise por alí! –dixo sorrindo Meigana.



## 8. VAIA LÍO DE LUCERÍO

Déronlles as grazas e seguindo as súas indicacións chegaron a unha habitación moi quentiña e con moitas camas. Ao carón de cada unha atoparon unha bandexa con comida riquísima e, xunto dela, a roupa limpa e sequiña.

–Isto é un luxol!!

–Aquí hai que vir sempre!!!

Cando remataron de cear, xa ben fartiños, apagaron as luces, menos unha que quedaba no alto para a que non atoparon interruptor.

Tentaron durmir igual e cando o lograran alguén comezou a respirar forte e deulle a tose. Decatáronse que aquela lámpada do alto apagaba e acendía con cada tose. Parecía unha discoteca e era imposible durmir así! Sentaron na cama, cando de súbito aquela luz comezou a moverse!

–Que é iso? Quen a move? –dixo Antón.

–A alguén de nós lle deu a tose? – preguntou Jara

–Non

–Non

Todo era moi raro, a luz descendeu ata pousar no chan e foi entón

cando viron que se trataba dunha pantasma luminosa!

–Boas! Son a pantasma con asma... *cof!, cof!...* e teño unha tose fatal. Cada vez que me dá acendo e apago coma un lucecú!

Asusteivos?

–A min nadiña –dixo Alex disimulando.

–Non

–Nopi!

–Un pouquiño ao principio

–A min deume un pouco a risa

Despois de escoitalos a pantasma deuse conta que tiña moito que mellorar naquilo de asustar á xente. Deseguida Xoán e Jara déronlle unha lista de remedios naturais que usaban para a tose e o catarro: xenxibre, propóleo, limón, melisa, menta... A amiga pantasma marchou moi contenta atravesando a parede coa naturalidade das pantasmas para contarlle á súa nai. E dende a habitación escoitáronas interpretar esta canción.

🎵 A PANTASMA CON ASMA



## 9. A ESCURRIDADE

–Por fin marchou esa pantasma e estamos ás escuras! Agora imos poder durmir!

–Eu non, Jara

–E iso por que, Xoán?

–Porque lle teño medo á escuridade...

Nese mesmo momento abriuse a ventá e entraron voando uns animais moi estraños. Eran dous gatos con ás de morcego e os cairos ben afiados. Eran uns gati–vampiros!

–Ola rrapaces! Alguén dixo que ten medo á escuridade?

–Porque nós temos unha canción rrequetefantástica parra axudarrvos a durrmirr.

Xoán pegou un chimpo de metro e medio e meteuse debaixo das mantas tremendo do susto. Os dous gati–vampiros, puxéronse un a cada lado da cama de Xoán e comezaron a murmurarlle esta canción:

🎵 A ESCURRIDADE

A medida que ian cantando, Xoán ía deixando de tremer e saíu de debaixo das mantas para escoitar mellor. Mesmo cantou con eles os últimos versos.

–*A escuridade tamén é xenial, a escuridade é fundamental...*

Os gati–vampiros contáronlles que tiñan un dúo musical chamado *Os Cairos* e que lles encantaría facer un concerto con eles antes de que se fosen da casa. Despois disto, despedíronse e saíron voando pola ventá.

Sen mais contratempos puideron durmir por fin. Mais nin durmindo se libraron de que algo estraño lles acontecese. Naquela casa, todo era posible...

## 10. UNHA VIAXE TREN-RRORÍFICA

Xoán soñaba que era un superheroe e que tiña que coller un tren.

Antón soñaba que tiña que ir en tren a reparar o seu baixo eléctrico que escachara.

Álex soñaba que tiña vacacións e estaba agardando un tren que o levaría de viaxe.

Jara soñaba que ía voando nunha pandeireta camiño da estación do tren.

Marta soñaba que estaba bailando e gravando un videoclip nos raíles do tren.

Carlos soñaba que viña un tren cargado de rica comida e que él o estaba a agardar.

Todos coincidiron nunha mesma estación de ferrocarril. Estaban a soñar o mesmo soño! Miráronse con sorpresa e escoitaron o altofalante da estación que dicía:

–Atención! Última chamada para o tren do pesadelo, que suba quen non teña medo!

Subiron ao tren e en canto arrancou, viviron un pesadelo en que se escoitaba unha canción

Cando o tren chegou de volta, baixaron del e inmediatamente espertaron a un tempo.

Naquel pesadelo viran tantas cousas horrorosas e conseguiran vencer tantos medos que, agora, sentíanse xenial. Sentíanse eufóricos, e ao mesmo tempo cheos de enerxía.

Despois dunha boa pelexa de almofadas e de rir a cachón, baixaron. Querían comprobar se a porta da casa aínda estaba desaparecida. Estrañamente, a porta estaba no seu lugar.

–Bravo! Podemos marchar cando queiramos! –berrou Marta chea de alegría.

Pero non... Diante da porta chegaron un tropel, un rexemento, un mogollón de monstros que os miraban fixamente e que tapaban a única saída daquela casa.

–Ai, miña naiciña!!!

🎵 O TREN DO PESADELO

## 11. UNHA DESPEDIDA MONSTRUOSA

Aquilo non os facía pensar nada bo. Que razón monstruosa os levara a poñerse diante da porta?

–Quererán reternos? –comentou Carlos.

Aquela manda de monstros ensinaba os dentes.

–Quererán comernos? – apuntou Antón.

Alí estaban o monstro da lavadora, a pantasma con asma, os gati-vampirros, o lobo “lover”, as pulgas “sombis”, Meigana e o caimán Delicio, a banda dos esqueletos e moitos máis monstros.

–Estarán sorrindo?

Xoán pensou nesa posibilidade porque se decatara aquela noite de que cando os monstros están contentos non deixan de ser terroríficos, sobre todo cando amosan os dentes.

–Quererán dicirnos algo? –supuxo Jara.

Os monstros abriron a boca de tal xeito que todos deron un paso para atrás:

Ai, miña naiciña!!!

E botando unha sonora gargallada os monstros todos berraron a un tempo:

–Concertoooooooooooo!!!

E sen máis organizaron o primeiro festival *monster-zombie* onde todas as bandas puideron participar. Ata a pantasma con asma, que tivera unha lixeira recaída, animouse a cantar.

Mesmo compuxeron entre todos unha canción para bailar.

🎵 TOCA O TEU PE!

Cando remataron, Meigana e Delicio tiñan preparado un banquete espectacular. Despois de comer os compoñentes da banda do verán despedíronse dos habitantes da casa dicindo que volverían de visita.

E cando ían camiño da porta, sen facer nada abriuse soa!

–Entón para que serve a chave que atopamos onte? –preguntouse Xoán.

–Esta chave é para vós, para que poidades entrar cando queirades; mais non serve para saír, porque calquera pode facelo só con desexalo –explicoulle o lobo “lover”

–Pero onte intentamos saír e non había porta... Desaparecera! –dixo Jara confundida.

–Iso é porque hai un conxuro na casa. Non se pode marchar sen superar os medos e sen sentir o que estades sentindo agora.–respondeu o lobo “lover”:

–O que? – preguntaron todos á vez.

–Confianza! –díxolles o lobo.

Do único que sentían mágoa era de non ter chegado a tempo á función de onte, pero enseguida lles explicaron que na Casa do Terror o tempo corre un pouquiño para atrás...

–E, se non me equivoco, agora mesmo é onte pola mañá, e tedes todo o día para chegar á función! –díxolles o lobo.

–Vivaaaa!! –berraron todos.

–Podedes volver cando queirades. Na nosa casa sempre teredes un lugar onde durmir... ou onde non durmir, o que prefirades!

–Adeus amigos!!!



## 12. UN FINAL INSPIRADO

Sáíron á rúa e o sol brillaba como nunca. Na noite anterior todo semellaba tenebroso, frío e arrepíante, pero hoxe víanse bosques cheíños de cores e aromas.

Ao seu paso escoitaban os galos cantar como cantan dende hai miles de anos, para anunciar que despois da noite (chova, trone ou haxa un furacán), sempre volve o sol.

Levaban con eles un conxuro que lles deran os seus novos amigos e que lles servira para arranxar a furgoneta... de novo: *só con desexalo.*

Continuaron na procura de novas aventuras musicais, novos plans de viaxar e novos amigos e amigas para compartir as súas danzas, ritmos e cancións.

Coas ventás da furgoneta baixadas e sentindo o sol e o aire fresco entrar, sentiron a inspiración para compoñer a derradeira canción daquela aventura.

♪ XA É DE DÍA!

